
ÁNDALE
BON APPÉTIT
urdime
Padroado da Cultura
Concello de Narón
TEATRO DOS
GHAZAFELHOS

Vídeo promocional

ÁNDALE, Bon appêtit!

Fotografías

ÁNDALE, Bon appêtit!

Jerry Noia

Rider

ÁNDALE, Bon appêtit!



"Andale" GHAZAFELHOS

COMPAÑÍA: GHAZAFELHOS OBRA: “ÁNDALE”

LISTADO DE MATERIAL:

8 Pc 1000w con palas
11 Recortes 25/50
9 Par Led RGBW

(NOTA: Pódense substituir, en algúns casos, 4 recortes 25/50, por 4 PC 1000w)

18 Canales de dimmer (Mímino 2000W canal)
6 patas
1 Telón de fondo negro
Unha escaleira para enfocar adecuada á altura das varas no esceario

Un equipo de son adecuado ás condicións da sala
2 monitores con trípode con envíos independentes (un a cada lado do esceario na primeira pata)
Conexións de audio de control a esceario: 4 micros, dous envios (un no lado esquerdo e outro envío ó lado dereito

MATERIAL QUE APORTA A COMPAÑÍA:
3 micrófonos inalámbricos
Unha maquina de fume (So conexión AC, no fondo no lateral esquerdo do esceario)
A mesa de iluminación
A mesa de Son

É imprescindible que o control de son e iluminación estean xuntos

NECESIDADES DE PERSOAL:
Un técnico con coñecemento dos materiales aportados polo teatro.

Unidade dídáctica

ÁNDALE, Bon appêtit!

TEATRO GHAZAFELHOS

Quen somos?

Ghazafelhos é unha compañía nacida en Ferrolterra no ano 2006 e creada por Montse Piñón e Pepablo Patinho. Centrándose no traballo de títeres, animación e teatro actoral, especialízanse en obras teatrais para publico familiar. Na súa andaina como compañía, realizan contacontos, títeres, mímica e obradoiros de teatro para nen@s e adult@s. Adoptando ideas como Michael Ende en MOMO, "escoitar aos demais" ou Antoine Sain-Exupêry "o esencial é invisible aos ollos..." e procurando contar historias simples e profundas como Charles Chaplin. Ghazafelhos soña con evocar nas súas historias as grandes xenialidades que entenderon o máis efémero da nosa vida: a infancia.

Que propoñemos?

Neste documento o profesorado de Educación Infantil e Primaria atopará propostas de actividades e recursos para traballar nas aulas coa temática desta produción de Teatro Ghazafelhos.

Así, a nosa proposta inclúe:

- a representación de ÁNDALE, Bon appêtit!
- a unidade didáctica para realizar nas aulas de Educación Infantil e Educación Primaria, preferentemente nas áreas de lingua galega e literatura, coñecemento xeográfico, social e cultural e educación artística. Inclúe actividades previas e posteriores á representación baseadas nunha metodoloxía activa e flexible, adaptable ás diferentes idades, capacidades e intereses da rapazada e garantindo, así, a atención á diversidade do alumnado.

Deste xeito, desde Ghazafelhos queremos participar como axentes educativos da contorna, apoiando a tarefa educativa, coa finalidade de proporcionar a todos os nenos e nenas unha educación de calidade que permita afianzar o seu desenvolvemento integral e o seu propio benestar, incidindo na programación de actividades complementarias como medida a prol da igualdade de oportunidades ao facilitar o acceso e o gozo dunha representación de teatro.

ÁNDALE

ÁNDALE, Bon appêtit! é unha comedia en clave de clown onde tres cociñeiros mexicanos Antonio, Francisco e Felipe tentarán amosar os segredos da cociña mexicana baseados nas receitas da cociñeira Abigail Mendoza quendedicou a súa vida a recuperar, conservar e difundir as súas raíces culturais e gastronómicas milenarias dende a cociña. A súa cociña está declarada pola UNESCO patrimonio oral e inmaterial da humanidade.
Cunha posta en escena colorista, uns personaxes grotescos e un ambiente evocador, Ghazafelhos quere enganchar ao público dende o primeiro momento facéndoo partícipe das desventuras, malos entendidos e solucións para cada prato. Para elo, mestúrase teatro físico, música, títeres e un texto de enredo con moito xogo de palabras.



Obxectivos

- Participar activamente dunha actividade de dramatización, música, etc.
- Contribuír ao coñecemento e utilización de xeito apropiado da lingua galega
- Fomentar hábitos alimenticios saudables
- Contribuír ás relacións sociais interxeneracionais
- Espertar o gusto por gozar de espectáculos de teatro chegando a instaurarse progresivamente como unha opción real no tempo de lecer
- Coñecer os alimentos que foron traídos do continente americano
- Fomentar a diversidade cultural a través da gastronomía
- Coñecer a gastronomía mexicana
- Por en valor a importancia de recuperar, conservar e difundir as raíces culturais
- Dar a coñecer a evolución das tradicións e costumes que establecen os mandatos de xénero e os cambios nos roles establecidos para homes e mulleres

Sobre que traballaremos?

Os contidos sobre os que imos traballar relaciónanse coas áreas de:

- **Coñecemento do medio social e cultural**

O coñecemento do medio social e cultural por medio das relacións interxeneracionais, do estudo das receitas tradicionais de cada contorno social e a posta en común de estas axuda ao desenrolo social dos nenos e das nenas e fomenta o respecto polo entorno, polos demais e por el@s mesmos.

- **Coñecemento do medio natural**

A importancia que ten o xeito de proporcionar os alimentos para a poboación inciden directamente no entorno no que vivimos.

- **Contidos transversais en todas as áreas:**

Educación nutricional

A educación nutricional é primordial para previr enfermidades como a obesidade infantil e todos os trastornos alimentarios que derivan dunha mala nutrición.

Habilidades domésticas

É importante para a formación do individuo como persoa que aprendan a participar directa ou indirectamente nas diferentes tarefas domesticas como son a limpeza da casa, hixiene persoal, elaboración das diferentes comidas que se fan ó longo dun día...

Actividades

Actividades para Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria:

- Remuíño de ideas sobre comidas. (ANEXO 1)
- Mural de comidas. (ANEXO 2)
- Xogo de imitación. (ANEXO 3)
- Posta en común sobre os hábitos alimenticios. (ANEXO 4)
- Debuxar e pintar diferentes alimentos da cadea alimentaria. (ANEXO 5)
- Nomear, debuxar e pintar os diferentes alimentos que aparecen en ÁNDALE. (ANEXO 6)
- Identificar animais terrestres, animais acuáticos e elementos da horta que aparecen en ÁNDALE. (ANEXO 7)
- Exercicio de creatividade sobre unha canción dunha receita de cociña. (ANEXO 8)

Actividades para 2º e 3º ciclo de Educación Primaria:

- Pescuda sobre receitas do seu entorno mais próximo e posta en común (ANEXO 9)Pescuda de actividades relacionadas coa produción de alimentos (matanza, pesca, horta...) (ANEXO 10)Creación dunha peza musical a partir do texto dunha receita (ANEXO 8)
- Xogo de imitación: que estamos cociñando? (ANEXO 11)
- Posición na pirámide alimentaria (ANEXO 5)
- Mural sobre a muller na cociña(ANEXO 12)
- Pescuda sobre as receitas tradicionais en diferentes países(ANEXO 13)
- Remuíño de ideas sobre a elaboración, segundo a casa de cada quen, dos diferentes alimentos que saen en ÁNDALE(ANEXO 14)
- Dramatización (ANEXO 15)

Como o imos valorar?

Para facer a avaliación da unidade didáctica tanto o profesorado como o alumnado valorarán:

- Grao de consecución dos obxectivos
- Participación
- Interese amosado
- Satisfacción
- Impacto

Por unha parte, poñemos a disposición do profesorado unha escala de valoración **(Anexo 16)** e, para a avaliación feita polo alumnado, propoñemos a dinámica do semáforo para que valoren a satisfacción tanto coas actividades como coa representación de ÁNDALE **(Anexo 17)**



ANEXOS

ANEXO I

Actividade: remuíño de ideas sobre comidas

- Dinámica: todos os membros do grupo da aula séntanse en círculo no chan. O grupo debe responder de forma espontánea ás cuestións que lle formula o/a mestre/a sobre comidas.
- Duración: 25 minutos.
- M ateriais: ficha de preguntas guía.

REMUÍÑO DE IDEAS SOBRE AS COMIDAS: PREGUNTAS GUÍA

- Que é a comida?
- Que comida coñecemos?
- Que comidas traemos á aula?
- Que alimentos comemos tódolos días?
- Que alimentos veñen do mar, da horta, da granxa, ...?
- Que pasaría se desaparecesen os alimentos?

ANEXO 2

Actividade: Mural de comidas

- Dinámica: en pequenos grupos, de catro ou cinco membros, o alumnado debe buscar en revistas, xornais, publicidade ou láminas facilitadas polo profesorado, e recortar os alimentos que atopen. Unha vez recortados, en gran grupo e por quendas, cada participante pegará unha das súas imaxes no mural, previamente preparado polo profesorado, no lugar correspondente, mentres o resto de participantes colaboran na súa tarefa.
- Duración: 45 minutos
- Materiais: papel, tesoiras, pegamento, revistas, xornais, etc...

ANEXO 3

Actividade: Xogo de imitación

- Dinámica: todos os membros do grupo da aula séntanse en círculo no chan para imitar entre todos funcións que se realizan na cociña (fregar, pelar,relar, rebozar, bater,...).
- Duración: 10 minutos
- Materiais: ningún específico

ANEXO 4

Actividade: posta en común

- Dinámica: todos os membros do grupo da aula séntanse en círculo no chan para facer unha posta en común dos hábitos alimenticios de cada quen.
- Duración: 15 minutos
- Materiais: ningún específico

PREGUNTAS GUÍA SOBRE HÁBITOS ALIMENTICIOS

- Cada quen debe dicir que comidas fai no día
- Segundo a hora do día, que alimentos inxire
- Cantas veces á semana come carne, ovos, peixe, froita, verdura,....
- Hai alguén que non pode comer algún alimento en concreto?

ANEXO 5

Actividade: Pirámide alimentaria

- Dinámica: todos os membros do grupo da aula irán debuxando un alimento individualmente que colocarán nunha pirámide común no lugar que lle corresponda
- Duración: 30 minutos
- Materiais: papel, ceras, cartolina, tesoiras,...

ANEXO 6

Actividade: Nomea, debuxa e pinta

- Dinámica: todos os membros do grupo da aula irán nomeando os diferentes alimentos que aparecen no espectáculo e deseguido cada quen debuxará e pintará o alimento que escolleu.
- Duración: 30 minutos.
- Materiais: papel, lapis, ceras.

ANEXO 7

Actividade: posta en común

- Dinámica: todos os membros do grupo da aula séntanse en círculo e nomean os diferentes alimentos que saen na obra e sinalan a súa procedencia (mar, horta, granxa,...).
- Duración: 20 minutos.
- Materiais: ningún específico

PREGUNTAS GUÍA SOBRE A PROCEDENCIA DE ALIMENTOS DO ESPECTÁCULO

- Cada quen debe dicir que alimentos identifica da obra
- Os alimentos son do mar, da horta, da granxa,...
- Son alimentos que se inxiren crus ou precisan elaboración?
-

ANEXO 8

Actividade: canción

- Dinámica: todos os membros do grupo da aula escollen unha receita e unha canción coñecida por todos. Logo procuran poñer a receita na música da canción.
- Duración: 30 minutos.
- Materiais: ningún específico.

ANEXO 9

Actividade: pescuda sobre receitas no seu entorno

- Dinámica: cada membro da aula deberá buscar na casa ou na veciñanza alguén que lle conte unha receita dunha comida. Logo cubrirá a ficha.
- Duración: indeterminada
- Materiais: copias da ficha

Nome da receita:

Cando a cociñan?

Quen cha aprendeu?

Quen lla aprendeu a el/ela?

Ti xa a coñecías? Por que?

ESCRIBE A RECEITA!

ANEXO IO

Actividade: pescuda sobre as actividades relacionadas coa produción de alimentos

- Dinámica: cada membro da aula deberá buscar na casa ou na veciñanza alguén que lle fale dun xeito de producir alimentos: pesca, cultivo, cría, recolección,... logo pono en común na aula.
- Duración: indeterminada
- Materiais: ningún especific

ANEXO II

Actividade: Xogo de imitación

- Dinámica: todos os membros da aula divídense en grupos de 2, 3 ou máis persoas .Cada grupo representa por mímica a elaboración dunha receita (tortilla, caldo, polbo á feira). O resto dos grupos téñena que adiviñar.
- Duración: indeterminada
- Materiais: ningún específico

ANEXO I2

Actividade: mural de MULLERES NA COCIÑA

- Dinámica: en pequeno grupo, o alumnado debe elaborar un mural onde se recollan imaxes de mulleres que foron relevantes na cociña mundial.
- Duración: 20 minutos
- Materiais: cartolinas, tesoiras, cola, cores...

- **Onde e cando naceron?**
- **Cal é o seu país de orixe?**
- **Cales foron as súas receitas máis relevantes?**
- **E os ingredientes máis comúns?**

ANEXO I3

Actividade: pescuda sobre receitas tradicionais galegas

- Dinámica: cada membro do grupo deberá buscar unha receita tradicional galega e poñela en común.
- Duración: indeterminada
- Materiais: ningún especifico

ANEXO I4

Actividade: remuíño de ideas

- Dinámica: todos os membros da aula poñerán en común o xeito que teñen na súa casa de elaborar as receitas que aparecen no espectáculo de ÁNDALE
- Duración: indeterminada
- Materiais: ningún especifico

ANEXO I5

Actividade: Dramatización

- Dinámica: En grupos, poñerán en escena un programa de cociña coas receitas que nas que estiveron traballando.
- Duración: indeterminada.
- Materiais: ningún especifico

ANEXO I6

Cuestionario de valoración para profesorado

- Valora do 1 ao 9 cada unha das actividades e engade un comentario

Grao de consecución dos obxectivos

- Valora do 1 ao 9 a consecución dos obxectivos da unidade didáctica

Máis sobre Teatro Ghazafelhos

urdime